

*Resolución do 4 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se modifica a Resolución do 17 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas especialidades de arpa (003), canto (006), clarinete (008), clave (009), composición (010), contrabaixo (014), dirección de orquestra (023), fagot (030), frauta travesa (032), oboe (052), pedagogía (057), percusión (058), saxofón (066), trombón (072), trompa (074), trompeta (075), violoncello (079), instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco (092), instrumentos históricos de corda fretada (095), tecnoloxía musical (100), viola de gamba (102) e produción e xestión de música e artes escénicas (115).*

Mediante Resolución do 17 de outubro de 2019 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración de listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de catedráticos de música e artes escénicas en diversas especialidades.

Na base oitava da dita resolución sinalábase que o baremo aplicable na valoración de méritos será o que figura como anexo I da Orde do 20 de marzo de 2019 pola que se convoca procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas nas especialidades vinculadas ás ensinanzas superiores de música.

Porén cómpre modificar a dita base oitava en tanto que procede aplicar o baremo xa utilizado anteriormente para a cobertura de interinidades e substitucións que figura como anexo I da Resolución do 20 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publica o anuncio da convocatoria dun procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

Coa publicación da resolución da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional, as persoas interesadas poderán formular reclamacións e ademais alegar aqueles méritos que consideren no prazo que se estableza para eses efectos na dita resolución.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

